



## O Parlamento de Galicia elixe os tres senadores representantes da Comunidade Autónoma

- O Pleno da Cámara elixiu a Juan Manuel Jiménez Morán, Modesto Pose Mesura e Fernando Carlos Rodríguez Pérez

**Santiago, 23 de decembro de 2015.-** O Pleno do Parlamento de Galicia elixiu esta mañá os tres senadores representantes da Comunidade Autónoma para a XI Lexistatura das Cortes Xerais. Foron elixidos Juan Manuel Jiménez Morán e Fernando Carlos Rodríguez Pérez, propostos polo Grupo Popular; e Modesto Pose Mesura, por proposta do Grupo dos Socialistas de Galicia.

### **Juan Manuel Jiménez Morán**

Natural de Verín (Ourense), Juan Manuel Jiménez Morán é axudante técnico sanitario e diplomado universitario en Enfermería. É concelleiro en Verín dende o ano 1983 e alcalde deste concello ourensán en dúas etapas: desde 1995 ata abril de 2004 e desde xuño de 2007 ata 2015. Tamén foi senador en representación da Comunidade galega dende 2011 ata a actualidade.

Jiménez Morán é membro do Comité Executivo do Partido Popular de Galicia. Formou parte do Consello de Administración da Compañía de Radio Televisión de Galicia dende xullo de 1994 ata 2011.

### **Fernando Carlos Rodríguez**

Pola súa banda, Fernando Carlos Rodríguez Pérez é natural de Bóveda (Lugo). Farmacéutico de profesión, foi concelleiro en Bóveda de 1979 a 1999; alcalde deste concello de 1984 a 1985; concelleiro en Sarria de 1999 a 2003; deputado provincial na Deputación de Lugo entre 1979 e 1991; deputado no Parlamento de Galicia de 1985 a 1999; e senador electo por Lugo de 2000 a 2008.



Rodríguez Pérez é na actualidade membro do Comité Executivo do Partido Popular de Galicia e presidente do Comité Electoral do PPdeG. Foi presidente e fundador da Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural Río Lor dende 1991 a 1995, encargada de levar adiante o Plan Caurel.

### **Modesto Pose Mesura**

Modesto Pose Mesura naceu en Barizo (Malpica, A Coruña) o 29 de decembro de 1955. Vive en Vilagarcía de Arousa. É licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Inspector médico do SERGAS. Deputado no Parlamento de Galicia dende o ano 2001 ata o ano 2012. Foi concelleiro, secretario comarcal de Arousa e secretario xeral provincial do PSdeG-PSOE de Pontevedra.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.